

## Resultados da enquisa aos pais e nais sobre o funcionamento de EDIXGAL

O formulario foi cuberto por 65 persoas de 238 posibles. Unha participación do 27'3%. Con esta porcentaxe é difícil sacar conclusións, pero hai un caudal de información que vemos interesante trasladar á comunidade escolar do IES Sánchez Cantón.

O cuestionario tiña as seguintes preguntas:

**1. Vendo a experiencia da docencia nas materias que se desenvolven na plataforma EDIXGAL, globalmente, diría que é...**

- Positiva: 62'5%
- Negativa: 26'6%
- Non sabe, non contesta: 10'9%

**2. Indique os aspectos que considera positivos da implantación de EDIXGAL no centro**

- É máis práctico, flexible e intuitivo. Multiplataforma. Doado de usar e consultar. Facilita a formación. Motivador, polivalente, novidoso. Máis adaptados a esta xeración de nativos dixitais.
- Multitude de recursos. Abre posibilidades de que cada materia aporte os contidos adaptados ao alumnado.
- Canal de comunicación profesorado – alumnado. Poder acceder ao contido das materias e o contacto directo co profesorado fóra de clase.
- Familiarízanse coas novas tecnoloxías. Acadan a competencia dixital necesaria hoxe en día. Fanse máis responsables ao ter que coidar dun dispositivo
- Comodidade de non levar tantos libros ás costas. Evita libros e papel. Acceso a contidos adxuntos
- A opción de ter un ordenador cando hai persoas que non poderían telo. Deixar de ter a necesidade de comprar os libros que son máis caros.

**3. Indique os aspectos que considera negativos da implantación de EDIXGAL no centro**

- Non se utiliza en todas as materias.
- Non está integrado todo na mesma plataforma e as veces resulta confuso porque non sabes onde está publicada a información ou as tarefas. Falta de información e formación aos alumnos. Páxina pouco intuitiva, liosa, pésima. Complicado o seguimento dos temas.
- O formato non é dixital, ven sendo o analóxico escaneado e mal formateado. Imprimimos os temas para estudialos pois na pantalla resulta complicado polo pequena que é e a mala resolución. Teñen moitas fronteiras que atender: edixgal, aula virtual, email.. En fin prefiro o uso do libro e os seus contidos ordenados e pautados. Debería haber un só ensino, en papel ou en ordenador porque do contrario faise todo un pouco lioso.
- É máis confuso e incomodo traballar con ordenador. Deixan de traballar con papel que para suliñar e poñer notas á marxe é importante
- O pouco control que poden exercer os pais sobre a evolución dos seus fillos.
- As veces hai dificultade para adxuntar tarefas polo tamaño do arquivo. Falta un criterio máis homoxéneo á hora de organizar a información nas diferentes materias, as veces o alumnado pérdese.
- As veces costa encontrar a información, non está mi ben deseñada.
- Non se aproveita o potencial do formato virtual. Traballan con edixgal do mesmo xeito que co libro tradicional

- Xogan co ordenador
- Peso excesivo nas mochilas xa que é necesario levar o ordenador, libretas e libros.
- Se o ordenador carece de batería o alumno non pode traballar.
- Pásanse un numero de horas moi elevado utilizando o ordenador, diante de pantallas.
- O uso de dispositivos electrónicos prexudica a vista e corre o risco de que o portátil rache e haxa que pagalo.
- Xera distracción nalgún alumnado. Ao estar conectado fai de todo menos traballar. É unha vantaxe só para alumnado moi responsable e maduro.
- A dispersión. A sensación de non saber discernir o que é máis importante entre tanta información, perdéndose no anecdótico ou incluso creando unha sensación de frustración y rendición.

**4. Advirte vostede algún cambio metodolóxico significativo nas materias onde se usa EDIXGAL?**

O 50% dos preguntados entende que en todas ou na maioría das materias

O 37% é máis crítico e entende que non houbo cambio algún

Un 12% NS / NC

**5. Custoulle ao seu fillo/a adaptarse ao uso do ordenador?**

O 57% di que non tivo ningún problema

O 37% di que nos primeiros días si, pero que rapidamente souberon funcionar con el.

Un 6% di que lle custou moito

**6. Custoulle ao seu fillo/a adaptarse ao uso da plataforma EDIXGAL, toda vez que este sistema usa o software libre?**

Un 47% di que non tivo problema

Un 41% di que algo ao principio

Un 10'8% di que moito

**7. Se o seu fillo/a fai uso da plataforma EDIXGAL para unhas materias, para outras a plataforma da Aula Virtual e para outras o libro en papel, que lle parecería se houbera unha única plataforma de contidos dixitais?**

O 75'4% di que lle parecería ben

Un 9'2% di que lle parecería mal

Un 6'2% resúltalle indiferente

Un 9'2% NS / NC

**8. A Consellería non establece a obrigatoriedade de implementar EDIXGAL en todas as materias. Se puidera elixir 6 materias, que é o número mínimo para implementar o programa, en cales lle gustaría que houbera EDIXGAL?**

Todas	10	Ningunha	7
-------	----	----------	---

Lingua castelá,	Aparece combinada con outras materias en 15 ocasións	Lingua galega	Aparece combinada con outras materias en 23 ocasións
Xeografía	Aparece combinada con outras materias en 14 ocasións	Lingua inglesa	Aparece combinada con outras materias en 22 ocasións
Lingua francesa	Aparece combinada con outras materias en 16 ocasións	Matemáticas	Aparece combinada con outras materias en 12 ocasións
física e química,	Aparece combinada con outras materias en 8 ocasións	Bioloxía	Aparece combinada con outras materias en 9 ocasións
Tecnoloxía	Aparece combinada con outras materias en 12 ocasións	ED.Plástico Visual	Aparece combinada con outras materias en 8 ocasións
Relixión	Aparece combinada con outras materias en 8 ocasións	Ed. Física	Aparece combinada con outras materias en 3 ocasións
Música	Aparece combinada con outras materias en 5 ocasións	Valores	Aparece combinada con outras materias en 3 ocasións

**Outras respostas enviadas a este apartado:**

- Os pais non temos coñecementos para facer esa elección
- Edixgal parécenos útil para as asignaturas que teñen contidos que se poden considerar como metodoloxía "práctica", Matemáticas, Plástica, Inglés, Francés, linguas, relixión,... Non o faría en bioloxía nin historia para poder suliñar
- Elixiría aquelas materias nas que a dificultade de aprendizaxe sexa menor por parte do alumno, xa que en caso de ter que recibir apoio sería máis operativo poder prestalo naqueles contidos que estean máis accesibles ás persoas que prestan ese apoio
- As que hai xa implantadas.
- Non me parece que ningunha materia sexa mais adecuada que outra para implementar o programa
- En todas as troncais

**9. Onde cre vostede que están os maiores riscos no uso de EDIXGAL?**

- Ningún
- Distraccións
- Dispersión da información
- A falta de autonomía e planificación do alumnado.
- Perda da escritura e da expresión escrita, dificultade na concentración e capacidade de síntese, sobrexposición a pantallas.
- O ordenador pode ser usado para calquera cousa
- O problema é que utilizan o ordenador para conectarse ás redes sociais e comunicarse con outras clases. Debería estar limitado o uso somentes a temas académicos. Mal uso de internet. Unha fiestra demasiado aberta e sen control parental.
- Poden aparecer problemas de saúde por uso de pantalla sen control de brillo ou malas posturas por tempo prolongado
- Debería ser como un complemento, non como un substituto do libro
- A veces non hai boa cobertura coa rede e pode quedar colgado.
- Que non funcione ben a plataforma
- Pasan moitas horas diante do ordenador.
- Na falta de comprensión da plataforma

**10. Cre vostede que EDIXGAL, ao traballar con ordenadores, favorece a distracción do seu fillo/a en clase?**

Se lle daban estas opcións:


- Si, eu preferiría que traballara cos libros de texto en papel: 27'7%
- Coñecendo ao meu fillo/a probablemente algo lle afecte: 37%
- Non, ao revés, creo que pode prestar máis atención: 18'5%
- Non sabe, non contesta: 18'5%

**11. Se lle dixeran que o centro vai abandonar o programa de EDIXGAL, pareceríalle**

- Mal porque a dixitalización está aquí para quedarse: 63%
- Algo que me deixa indiferente: 3'1%
- Ben porque só lle vin desvantaxes: 27'7%


**12. De 1 a 5, como cre vostede que era o estado global do material entregado (maletín, ordenador, cargador...) a principio de curso**

65 respostas




**13. De 1 a 5, como cre vostede que está tratando o seu fillo/a o material entregado?**

65 respostas




**14. No caso de ter algunha incidencia, podería indicar de 1 a 5 o grao de resposta da coordinación de EDIXGAL no centro no caso de ter un problema técnico.**

46 respostas



**15. De 1 a 5, indique o grao de coñecemento que ten vostede do programa EDIXGAL**

65 respostas



**16. Asinou vostede un seguro sobre o material entregado ou ampliou a cobertura do seguro multirrisco do fogar para cubrir o custe de posibles incidencias?**

Non: 66'2%

Si: 33'8%

**17. Que lle parece a idea da Consellería de ampliar o programa de EDIXGAL a 3º e 4º da ESO?**

- *Moitos apoian a idea e parécelles ben:*

“Me parece perfecto ya que mi hijo lleva con Edixgal desde 5 de primaria, y ahora al cambiar a tercero me parecería un atraso.”

“A pesar de que para nosotros la experiencia no es algo que esté funcionando, vemos positivo porque la digitalización está presente en todo e incluye familiarizarse con contenidos digitales.”

“Me parece bien, porque fomenta el uso adecuado y las destrezas en áreas de tecnología y supone también un cierto ahorro económico para los padres a la hora de adquirir los libros de texto, además de que se pueden implementar contenidos adicionales en el momento deseado. Los alumnos interactúan también más con los profesores a través de este sistema complementado con el aula Virtual”

- **Outros manifestan o seu acordo pero tamén expresan os seus medos**

“Ben, sempre que sexa complementario ao uso de papel, e que favoreza a eliminación de sobrecarga na mochila”

“Económicamente es mejor pero no me gusta como vienen explicados los temas, sobre todo, Historia e bioloxía”.

“Ben, pero eu creo que debería ser reforzado con técnicas de estudo para sacarle o maior rendimento o programa”

“No se si es bueno que estén siempre con ordenador y justo en bachillerato se lo quiten y pongan apuntes y libros”

“Dependiendo del niño@ puede ser una buena o una mala noticia”

- **Loxicamente, hai quen manifesta o seu desacordo:**

“Á miña filla mostra moito descontento con este método e cree que en cursos máis avanzados empeorará o rendimento dos alumnos notablemente xa que complica moito as cousas”.

“Mal. En ningún momento se consultou ás familias, nin se presentou o proxecto ás mesmas. Non estou en contra da digitalización da educación pero considero que non se está implementando cunha base sólida. E estou segura de que á miña casa trouxo un problema de convivencia.”

“Creo que el programa no está bien diseñado y merece un replanteamiento”

## Conclusións que se poden extraer da enquisa:

Unha maioría dos pais e nais (2/3 dos enquisados) indica que está satisfeito con Edixgal, se ben, hai aspectos nos que se debe mellorar:

- Aclarar ben ao alumnado o funcionamento da plataforma para que poida atopar en todo momento a información, os cuestionarios ou as tarefas. Neste eido, tamén é importante explicar ao alumnado e ás familias a metodoloxía de traballo coa plataforma.
- Hai algunha crítica que vai dirixida á forma en como se está a utilizar Edixgal, no sentido de que non supón cambio metodolóxico nin ningunha innovación senón unha simple substitución do libro de papel polo libro dixital.

Hai quen lamenta que non estea implantado en todas as materias, do mesmo xeito que hai quen pensa que estendelo a 3º e 4º da ESO ou estendelo a todas as materias sería un erro. Vese con claridade que as persoas que son críticas están moi descontentas, sen matices (1/3 dos enquisados).

No que coinciden todos é na facilidade de adaptación do uso do ordenador e da plataforma por parte do alumnado.

Gustaríalles que houbera unha sola plataforma. O feito de que exista para unhas materias a Aula Virtual e para outras Edixgal xéralles confusión

Sobre os problemas do uso do ordenador vemos preocupación polo perigo de dispersarse, pola dificultade de estudar por un ordenador, pola necesidade de ter que suliñar o que os obriga a imprimir os temas. Hai unha notable preocupación por un mal uso do ordenador e por unha sobreexposición ás pantallas.

Sobre as materias que lles gustaría que tivesen docencia por Edixgal moitos indican que todas, pero os que optan pola selección indican unha certa preferencia por calquera das linguas. Se ben aparecen na selección de 6 materias moitas veces, algúns expresan reticencias a que materias como bioloxía ou xeografía e historia estean en EDIXGAL por ser materias que precisan ser suliñadas e o estudo co ordenador resúltalles arduo. Hai tamén quen expresa que non debería figurar ningunha materia en EDIXGAL (7 persoas das 65 enquisadas non dan opción)

A pesar das críticas (son preguntados para detectar os aspectos que funcionan peor), os 2/3 dos enquisados, que están a favor, están de acordo en que o centro continúe en EDIXGAL e mesmo hai unha metade do total dos enquisados que amosa o seu acordo a que se estenda a 3º e 4º da ESO.

Para todas as persoas que están a favor pesan máis os aspectos positivos e algunha resalta a oportunidade que ten o programa de educar na responsabilidade como se pode apreciar no coidado do material por parte da inmensa maioría do alumnado.

Outro aspecto que cómpre mellorar é no grao de coñecemento de EDIXGAL por parte das familias o que nos obrigaría a facer un esforzo por transmitir como traballamos co alumnado. Coa información, a transparencia e a veracidade podemos entendernos perfectamente coas familias.